

Informe sobre o contido dos informes sectoriais previstos no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (Concello de Caldas de Reis – Expediente XCP-23/034)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 29.05.2023 tivo entrada no Rexistro (núm. 2834/RX 1579648) consulta formulada polo Concello de Caldas de Reis en relación cunha solicitude de licenza urbanística para a construción dun pendello agropecuario sobre unha parcela afectada polos seguintes antecedentes:

"[...] A actuación proxéctase sobre unha parcela clasificada no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) como solo rústico de protección forestal, polo que se lle requiriu á persoa interesada:

a) A autorización/informe favorable do Servizo de Montes por estar a parcela en solo rústico de protección forestal (art. 36 da Lei 2/2016), presentándose a este respecto oficio do Servizo de Montes, no que se recolle o seguinte:

".../...Revisada a documentación achegada comprobouse que a parcela 737 do polígono 508 (referencia catastral 36005B50800737), no lugar de O Carballal, parroquia de Saiar, concello de Caldas de Reis, está na Zona de Concentración Parcela nº 360051320 Saiar en fase de Acordo.

Consonte ao establecido no artigo 36.2 da Lei/2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Polo tanto, comunícolle que este servizo non é competente para realizar o informe solicitado.../...".

b) A autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias por estar a parcela en zona de concentración parcelaria, presentándose a este respecto Resolución do Servizo de Infraestruturas Agrarias de data 16/09/2022 [...], autorizando as obras".

Á vista do exposto, o concello solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre as seguintes cuestións:

"1.- Se o informe ou autorización sectorial ao que fai referencia o artigo 36.2 LSG e 51.2 RLSG en relación as actuacións realizadas en parcelas en solo rústico de protección forestal incluídas en procesos de concentración parcelaria cabe entendelo cumprimentado pola autorización emitida polo órgano competente ao abeiro do artigo 68.2 da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (neste caso o Servizo de Infraestruturas Agrarias) ou precisarán informe ou autorización do servizo correspondente, de conformidade cos artigos 36.2 LSG e 51.2 RLSG, en adición á autorización emitida polo órgano competente ao abeiro do artigo 68.2 da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

2.- Se o informe ou autorización sectorial ao que fai referencia o artigo 36.2 LSG e 51.2 RLSG en relación as actuacións realizadas en parcelas en solo rústico de protección agropecuaria incluídas en procesos de concentración parcelaria cabe entendelo cumprimentado pola autorización emitida polo órgano competente ao abeiro do artigo 68.2 da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (neste caso o Servizo de Infraestruturas Agrarias) ou precisarán informe ou autorización do servizo correspondente, de conformidade cos artigos 36.2 LSG e 51.2 RLSG, en adición á



autorización emitida polo órgano competente ao abeiro do artigo 68.2 da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Caldas de Reis conta Plan xeral de Ordenación Municipal aprobado parcialmente pola Orde do 22.12.2016, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e definitivamente pola Orde do 11.10.2018 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Constan os acordos aprobatorios publicados no *Diario Oficial de Galicia* núm. 22, do 01.02.2017 e núm. 209, do 02.11.2018. En tanto que a normativa urbanística foi publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* en data do 27.04.2017 e 15.03.2019.

TERCEIRA.- A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)*, relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte:

“1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás seguintes regras:

[...]

d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.”

En consecuencia, ao solo rústico de Caldas de Reis aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG).

CUARTA.- A consulta municipal versa sobre os informes ou autorizacións sectoriais previos á obtención do correspondente título habilitante municipal esixidos pola normativa urbanística no solo rústico de especial protección forestal e agropecuaria.

O artigo 32.2 da LSG establece que os propietarios ou propietarias de terreos clasificados como solo rústico, logo da obtención do título habilitante de natureza urbanística, poderán destinalos aos usos regulados no artigo 35.1 da mesma lei, referido aos usos admisibles en solo rústico.

Pola súa banda, o artigo 34.1 da LSG establece que o planeamento urbanístico clasificará como solo rústico de especial protección *“... os terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo – terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.*



Co fin de salvagardar tales competencias sectoriais e os intereses xuridicamente protexidos, o artigo 36.2 da LSG establece que *"En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva ..."*

O artigo 51.2 do RLSG reitera a anterior previsión, se ben engade o seguinte:

"2. Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección poderán realizarse os usos, actividades e construcións enumerados no artigo anterior, sempre que sexan permitidos pola correspondente lexislación sectorial, por resultar compatibles co réxime de especial protección.

En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte (artigo 36.2 da LSG).

Para os efectos previstos neste artigo, a competencia para emitir a autorización ou informe favorable virá determinada en función da categoría de solo rústico obxecto de especial protección de que se trate. O prazo para a emisión do referido informe será de dous meses, transcorrido o cal, se entenderá emitido con carácter favorable. No suposto de que o órgano sectorial deba emitir informe ou autorización en virtude da súa propia normativa sectorial, poderá pronunciarse tamén para os efectos do previsto neste artigo.

Non obstante, non será preceptiva a emisión da autorización ou informe favorable a que se refire este número no caso de obras menores definidas no anexo I deste regulamento, agás norma sectorial que o exixa expresamente".

QUINTA.- Os informes ou autorizacións sectoriais previstos nos artigos 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG serán emitidos polos organismos que teñan encomendada a función de tutela do interese público que se pretende preservar en función da categoría de solo rústico de especial protección de que se trate co fin de salvagardar as competencias atribuídas para tal efecto pola respectiva norma sectorial.

A Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no informe emitido o 27.06.2023 (XCP-23/040), tivo ocasión de pronunciarse sobre o contido concreto destes informes, indicando, entre outras cuestións, que *"... A normativa urbanística, concretamente os artigos 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG, unicamente esixe que tales informes sexan "favorables", sen facer ningunha referencia ao seu contido específico, que será determinado por cada organismo sectorial en atención á súa propia normativa e competencias ..."*

Polo tanto, a resposta á consulta formulada debe partir, necesariamente, da premisa de que tales informes ou, de ser o caso, autorizacións obedecen á necesidade de velar pola adecuación da actuación pretendida á normativa sectorial que resulte de aplicación.

En concreto, respecto da primeira cuestión suscitada, no caso de que o órgano competente en materia de montes, en resposta á correspondente solicitude de informe formulada ao abeiro dos artigos 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG, manifeste a súa incompetencia por tratarse de solo rústico de especial protección forestal situado nunha zona de concentración parcelaria, entenderase realizado o trámite coa emisión da correspondente autorización do órgano competente en materia de concentración ou reestruturación parcelaria.

No mesmo sentido, entenderase cumprido o trámite previsto nos preceptos apuntados naqueles supostos nos que o organismo sectorial, en concreto o órgano competente en materia de



reestruturación parcelaria, outorgue unha autorización en atención, precisamente, ao previsto na normativa sectorial que resulta de aplicación.

CONCLUSIÓN

1.- Os informes ou autorizacións sectoriais previstos nos artigos 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG serán emitidos polos organismos que teñan encomendada a función de tutela do interese público que se pretende preservar en función da categoría de solo rústico de especial protección de que se trate co fin de salvagardar as competencias atribuídas para tal efecto pola respectiva norma sectorial.

2.- No caso de que o órgano competente en materia de montes, en resposta á correspondente solicitude de informe formulada ao abeiro dos artigos 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG, manifeste a súa incompetencia por tratarse de solo rústico de especial protección forestal situado nunha zona de concentración parcelaria, entenderase realizado o trámite previsto en tales preceptos coa autorización emitida polo órgano competente en materia de concentración ou reestruturación parcelaria ao abeiro da normativa sectorial aplicable.

3.- O informe ou autorización sectorial previsto nos artigos 36.2 LSG e 51.2 RLSG en relación coas actuacións realizadas en parcelas clasificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria incluídas en procesos de concentración parcelaria, enténdese cumprimentado coa autorización emitida polo órgano competente en materia de concentración ou reestruturación parcelaria ao abeiro da normativa sectorial aplicable.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

